



A RUXIDOIRA - RÍO LOIO

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 7 km (lineal)

Dificultade: baixa


Duración: 5 horas (ida e volta)



Unha ruta entre Paradela e o río Miño seguindo o val do río Loio. Unha camiñada entre bosques de ribeira, carballeiras e souts con elementos etnográficos (muíños) e elementos históricos (restos do mosteiro de Santa María de Loio). O río Loio encáixase a partir de Paradela formando un profundo val no que hai varias fervezas. As máis altas están no arranque da ruta, nas proximidades da vila.

COMO CHEGAR: desde Paradela, comeza a ruta a carón do Centro de Saúde e remata ao chegar ao encoro de Belesar, fronte a Portomarín.

Pódese facer en calquera dos dous sentidos e está perfectamente indicada.



Carballo centenario



Muíño da Retorta